

PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSELLO DA CULTURA GALEGA E A DEPUTACIÓN DA CORUÑA EN MATERIA DE IGUALDADE

Na Coruña, a 14 de abril de 2023

Número 5 /2023

Dunha parte D^a Rosario Álvarez Blanco, presidenta do Consello da Cultura Galega, cargo para o que foi nomeada polo Decreto 122/2022, do 30 de xuño (*Diario Oficial de Galicia*, núm. 128, do 6 de xullo), e que actúa de conformidade co disposto na Lei 8/1983, do 8 de xullo, do Consello da Cultura Galega (DOG, núm. 102, do 9 de agosto), así como en uso das atribucións que lle confire o artigo 14 do Decreto 162/2008, do 10 de xullo, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento do Consello da Cultura Galega (DOG, núm. 150, do 5 de agosto), con domicilio para os efectos do presente protocolo xeral no Pazo de Raxoi, 2º andar, Praza do Obradoiro, 15705 Santiago de Compostela; con NIF Q-6550003-E.

E doutra Dona María del Carmen Muíño Filgueira, delegada especial en materia de políticas de igualdade e normalización lingüística.

Ambas persoas, en razón dos seus respectivos cargos, declaran e manifestan que interveñen con capacidade legal necesaria e competencia suficiente para subscribir o presente protocolo xeral de actuación e, para ese efecto,

EXPOÑEN

1.- Que o Consello da Cultura Galega é unha institución creada pola Lei 8/1983, do 8 de xullo, do Parlamento de Galicia, conforme o artigo 32 do Estatuto de autonomía de Galicia, que ten como obxectivo a defensa e promoción dos valores

culturais do pobo galego, con competencias dentro e fóra de Galicia. Para desenvolver este obxectivo mantén unha estreita relación co conxunto da sociedade, desenvolve diferentes actuación no ámbito da igualdade e con este obxectivo creou o Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos.

2.- Que a Deputación Provincial da Coruña, a través da Área de Igualdade no ano 2017 apostou por estudar as necesidades emerxentes na provincia en materia de igualdade a través da elaboración da Diagnose e Plan de acción das Políticas de Igualdade de xénero na Provincia de A Coruña 2019-2023, aprobado o seu coñecemento no pleno de Outubro de 2019 e organizar de forma estratéxica as medidas necesarias, validadas polo territorio para dar solucións e corrixir as desigualdades detectadas.

Que ambas institucións consideran preciso o recoñecemento do papel desenvolvido polas mulleres na sociedade e cultura galega, polo que acordan formalizar o presente protocolo de colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente protocolo ten como obxecto establecer as bases de colaboración entre a o Consello da Cultura Galega e a Deputación Provincial da Coruña, a través da Área de Igualdade, para o desenvolvemento de actividades relacionadas coa recuperación das mulleres na historia de Galicia.

SEGUNDA.- Compromisos das partes

Para acadar a finalidade expresada na cláusula anterior, as partes representadas comprometen a súa vontade, e poderán poñer en marcha, entre outras, as seguintes accións:

- Edición de publicacións e produtos dixitais para promover o coñecemento público da muller na historia de Galicia
- Realización de actividades de carácter cultural, especialmente seminarios, exposicións e encontros, que permitan analizar o papel das mulleres na historia e cultura galega.
- Calquera outra que, relacionada cos fins que teñen encomendados as partes asinantes, decidan de común acordo.

A subscrición do presente protocolo non implica a transferencia de recursos económicos entre as partes, nin compromiso ou obriga ningunha de tipo organizativo, financeiro, económico ou de calquera outra índole.

As persoas asinantes procurarán o desenvolvemento da súa colaboración nas áreas descritas no presente instrumento, na medida en que llelo permitan a súa capacidade organizativa e funcional, así como as súas dispoñibilidades orzamentarias en cada momento.

A subscrición do presente documento non comporta obrigación legal nin compromisos xurídicos concretos esixibles para as partes.

TERCEIRA.- Colaboración externa

As institucións asinantes poderán contar coa colaboración de departamentos, organismos, institucións e empresas, de carácter público ou privado, que estean relacionados co obxecto do presente protocolo e cuxa contribución consideren de interese para este.

CUARTA .- Comisión de seguimento

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente protocolo, créase unha comisión mixta. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para garantir a efectividade do protocolo, e estará formada por dous representantes do Consello da Cultura Galega e dous representantes da Deputación Provincial da Coruña

QUINTA.- - Vixencia do protocolo

O presente protocolo de colaboración estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2023.

Aínda que é firme a vontade de materializar o presente protocolo, ambas partes renuncian a calquera reclamación ou solicitude de indemnización se non se producise a aprobación e realización das actividades propostas

Este protocolo finalizará ao transcorrer o prazo establecido. Igualmente, calquera das dúas institucións poderá dalo por rematado; para iso deberá comunicarllo por escrito á outra parte cunha antelación mínima de tres meses antes da data en que desexe rematalo.

SEXTA.- Tratamento de datos de carácter persoal

1. As institucións asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais.
2. Para o cumprimento da finalidade deste protocolo, cada unha das partes declara e garante que, con anterioridade á subministración á outra parte de datos persoais de calquera persoa física involucrada na sinatura deste acordo ou no seu desenvolvemento, informará as persoas interesadas de forma lícita, leal e transparente das garantías sobre política de protección de datos persoais incluída no presente documento, e tamén doutros requisitos que puidesen ser de aplicación para a correcta cesión dos seus datos persoais á outra parte. Para tales efectos, as páxinas webs das institucións asinantes deste protocolo conteñen información relativa ao tratamento dos datos persoais e o modo en que poden exercer os seus dereitos, o contacto cos delegados ou delegadas de protección de datos e demais aspectos esixidos pola normativa vixente no que se refire aos dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, así como aos dereitos de transparencia da información, de supresión, limitación, portabilidade ou reclamación.
3. Os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para o cumprimento da finalidade obxecto deste protocolo e, con posterioridade ao remate da súa vixencia, polo tempo de prescrición das accións legais correspondentes para a tutela do dereito á protección de datos persoais. Os datos destruíranse logo de que transcorra o referido prazo de prescrición.
4. As partes non lles cederán a terceiros os datos persoais tratados ao abeiro deste protocolo, agás aqueles que sexan estritamente necesarios para publicar a identidade da persoa nas páxinas web, nos taboleiros de anuncios, nas redes sociais ou nos medios de comunicación que se determinen.
5. Os representantes das partes e demais titulares dos datos tratados ao abeiro deste acordo poderán exercer os seus dereitos de acceso, oposición, rectificación, supresión e limitación mediante o envío dunha petición razoada dirixida á sede do Consello da Cultura Galega Praza de Raxoi, 2º andar. Praza do Obradoiro. 15704 Santiago de Compostela ou no seu correo electrónico correo@consellodacultura.gal. Así mesmo, as persoas interesadas que consideren lesionado o seu dereito á protección de datos poderán presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.agpd.es).

SÉTIMA .- Publicidade e transparencia

As partes procurarán a difusión pública do presente protocolo de actuación e das actividades conxuntas que poidan desenvolver con posterioridade. En relación con esta difusión, poderase facer constar, nas correspondentes comunicacións públicas, os logotipos e imaxes corporativas de cada institución nas condicións que se acorden e de conformidade coas súas respectivas normativas internas aplicables.

A sinatura deste acordo suporá o consentimento expreso das partes para incluír e facer públicos os datos referidos ao protocolo de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

OITAVA.-

As persoas asinantes do presente documento colaborarán en todo momento de acordo cos principios de boa fe e de eficacia.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado o presente protocolo, no lugar e data indicados no encabezamento.

**POLO CONSELLO DA CULTURA
GALEGA PRESIDENTA DO
CONCELLO DA CULTURA GALEGA**

**POLA DEPUTACIÓN DA CORUÑA A
DELEGADA ESPECIAL EN
MATERIA DE POLÍTICAS DE
IGUALDADE E NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA**

D^a. Rosario Álvarez Blanco

D^a. María del Carmen Muíño Filgueira